

**1. A Constitución Española está estruturada en :**

- a) Un preámbulo, un título preliminar, dez títulos, catro disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, e unha disposición final.
- b) Un título preliminar, dez títulos, catro disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.
- c) Unha exposición de motivos, 169 artigos e catro disposicións transitorias, nove disposicións adicionais, e unha disposición final.
- d) Ten a mesma estrutura que o estatuto de Autonomía de Galicia.

**2. ¿Quen ten dereito á tutela xudicial efectiva de xuíces e tribunais?**

- a) Todos os españois pero non os estranxeiros non legalizados.
- b) Todos os cidadáns da Unión Europea e os españois, pero no los estranxeiros alleos a ese ámbito.
- c) Todas as persoas.
- d) Solo los cidadáns españois y los nacionais de países da Unión Europea legalizados.

**3. Non é función de o Rei:**

- a) Nomear ao Defensor do Pobo.
- b) Expedir os decretos acordados no Consello de Ministros.
- c) Convocar e disolver as Cortes Xerais.
- d) Todas as funcións enumeradas corresponden a o Rei.

**4. O Goberno poderá impugnar ante o Tribunal Constitucional as resolucións dos órganos das Comunidades Autónomas, producíndose en tal caso a suspensión das resolucións impugnadas que deberá ser ratificada ou levantada polo Tribunal en un prazo no superior a :**

- a) Dos meses
- b) Tres meses
- c) Catro meses
- d) Cinco meses

- 5. O prazo de dous meses de que o Senado dispón para vetar ou emendar un proxecto de lei reducirase, nos proxectos declarados urxentes polo Goberno ou polo Congreso dos Deputados, a:**
- a) 30 días hábiles.
  - b) 30 días naturais.
  - c) 20 días hábiles.
  - d) 20 días naturais.
- 6. Relativo á Lei 3/1985, de 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, sinala a resposta falsa:**
- a) A comunidade autónoma poderá reservar mediante lei o uso exclusivo de bens de uso público.
  - b) As licencias habilitantes para uso común especial do demanio poderán outorgarse por sorteo.
  - c) Nos casos de desafectación do demanio, os concesionarios sobre el non poderán continuar en posesión dos seus dereitos.
  - d) As concesións sobre o demanio poderán rescatarse antes dos eu vencemento.
- 7. Segundo o artigo 81 da Constitución española, para a aprobación dunha lei orgánica, requírese:**
- a) A maioría absoluta do Congreso, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
  - b) A maioría absoluta das Cortes Xerais, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
  - c) A maioría simple das dúas Cámaras en votación conxunta sobre o proxecto.
  - d) A maioría cualificada do Senado, nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.
- 8. Segundo establece a Constitución española, calquera alteración dos límites provinciais será aprobado por:**
- a) Goberno do Estado.
  - b) Goberno das Comunidades Autónomas.
  - c) Congreso dos Deputados.
  - d) Cortes Xerais mediante lei orgánica.

- 9. A revisión total da Constitución española, haberá de ser aprobada, en primeira instancia, por una maioría de:**
- a) dous terzos de cada cámara.
  - b) tres quintos de ambas cámaras.
  - c) dous terzos do Congreso e maioría absoluta do Senado.
  - d) tres cuartos de ambas cámaras.
- 10. Segundo o artigo 20.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia a fixación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, correspóndelle:**
- a) Ao Goberno del Estado.
  - b) Ao Comunidade Autónoma.
  - c) Á Xunta de Galicia, previo informe do Consello Xeneral do Poder Xudicial.
  - d) Ao Parlamento de Galicia previa petición del Consello de la Xunta.
- 11. No procedemento de investidura do Presidente da Xunta, o candidato proposto para ser elixido deberá, en primeira votación, obter maioría absoluta; de non obtela, procederase a unha nova votación:**
- a) 5 días despois da anterior
  - b) 2 meses despois da anterior
  - c) 48 horas despois da anterior
  - d) 24 horas despois da anterior
- 12. Segundo o artigo 45 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, a moción de censura deberá estar asinada por alomenos:**
- a) Por unha quinta parte dos membros do Parlamento.
  - b) Por dous terzos dos membros do Parlamento.
  - c) Por un terzo dos membros do Parlamento.
  - d) Pola maioría simple dos membros do Parlamento.

**13. Segundo o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia vixente, no proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición, a valoración dos méritos ou nivel de experiencia non suporá, con relación ás probas selectivas:**

- a) Máis do 60% da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.
- b) Máis do 50% da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.
- c) Máis do 45% da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.
- d) Máis do 40% da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.

**14. Contra as disposicións administrativas de carácter xeral:**

- a) Cabe recurso de alzada no prazo dun mes.
- b) Cabe recurso de alzada no prazo de tres meses.
- c) Cabe recurso extraordinario de revisión.
- d) Non cabe recurso en vía administrativa.

**15. No procedemento de elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma, as consellerías remitiranlle á Consellería de Economía e Facenda os seus respectivos estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lle sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do:**

- a) 20 de outubro
- b) 31 de xullo
- c) 1 de xullo
- d) 1 de outubro

**16. No ámbito da Comunidade Autónoma, as concesións para o goce ou uso privativo de bens de dominio público outorgadas pola administración terán a duración que contemple a lexislación específica. De non existir prazo determinado na lexislación específica, a súa duración non poderá exceder de:**

- a) 25 anos
- b) 25 anos, sen prexuízo da súa prórroga por mutuo acordo
- c) 50 anos
- d) 50 anos, sen prexuízo da súa prórroga por mutuo acordo

**17. Segundo o artigo 201 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), no caso de que se presente unha moción de censura sobre a xestión da Comisión, o Parlamento só poderá pronunciarse sobre a dita moción:**

- a) Transcorrido un mínimo de 2 días dende a data da súa presentación.
- b) Transcorrido un mínimo de 3 días dende a data da súa presentación.
- c) Transcorrido un mínimo de 4 días dende a data da súa presentación.
- d) Transcorridas 24 horas dende a data da súa presentación.

**18. Segundo o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia:**

- a) Convocar e resolver os concursos de traslados.
- b) Determinar os intervalos dos niveis de postos de traballo que lles corresponden aos corpos ou escalas do persoal funcionario.
- c) Designar a representación da Administración autonómica en convenios colectivos de ámbito xeral ou que afecten a varias consellerías.
- d) Todas as competencias enumeradas corresponden á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública.

**19. Segundo o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para solicitar o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular, será preciso:**

- a) Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 5 anos inmediatamente anteriores.
- b) Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 2 anos inmediatamente anteriores.
- c) Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante 5 anos.
- d) Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante 2 anos.

**20. Segundo a Lei 30/2007 de contratos do sector público, os contratos celebrados pola Administración que teñan por obxecto a adquisición de equipos e sistemas de telecomunicacións para o tratamento da información, son contratos:**

- a) De xestión de servizos públicos
- b) De servizos
- c) De asistencia técnica
- d) De subministro

**21. Sinala a opción de resposta falsa:**

- a) Os conselleiros son nomeados e cesados polo Presidente.
- b) A Xunta cesa coa convocatoria de eleccións ao Parlamento Galego.
- c) O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego, entre os seus membros, e nomeado por o Rei.
- d) A Xunta de Galicia pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade.

**22. O proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, deberá ser remitido ao Parlamento de Galicia (artigo 52 TRLRF):**

- a) Antes do 15 de outubro
- b) Antes do 20 de outubro
- c) Antes do 30 de outubro
- d) Entre o 20 e o 30 de outubro

**23. ¿É de aplicación o réxime de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, cando esta estea actuando en relacións de dereito privado ?**

- a) Si.
- b) Non
- c) Non, calquera tipo de responsabilidade se esixirá pola vía civil, cando a Administración actúe en relacións de dereito privado.
- d) A lexislación sobre responsabilidade patrimonial , non di nada ao respecto.

**24. Segundo a Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma galega ¿Cómo se deben desafectar os bens demaniais ?**

- a) Precisan dunha orde da Consellería de Economía e Facenda.
- b) Precisan do acordo do Consello da Xunta de Galicia, previa instrución do expediente pola consellería afectada.
- c) Precisan de acordo do Consello da Xunta, previa instrución do expediente pola Consellería de Economía e facenda, a instancia da consellería interesada e sempre que se acredite a desaparición das causas xustificativas da afectación.
- d) É preciso unha Lei do Parlamento de Galicia, en todo caso.

**25. Segundo o artigo 91 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, o importe da garantía provisional:**

- a) Pode superar o 3% do orzamento do contrato.
- b) Non pode superar o 3% do orzamento do contrato.
- c) Sempre debe ser equivalente ao 3% do orzamento de execución.
- d) A LCSP suprimiu a garantía provisional para participar nas licitacións.

**26. Segundo o artigo 3 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este se aplica supletoriamente:**

- a) Ao persoal docente dependente da Consellería de Educación.
- b) Ao persoal da administración e servizos das universidades galegas.
- c) Ao persoal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- d) Non é de aplicación a ningún tipo de funcionario.

**27. O Regulamento é un acto xurídico de carácter obrigatorio nas Institucións Comunitarias que:**

- a) Ten alcance xeneral, é obrigatorio en todos os seus elementos e é directamente aplicable a cada Estado membro.
- b) Obriga ao Estado membro en canto aos resultados que se pretenden alcanzar, deixando liberdade ao Estado na elección dos medios e a forma.
- c) É directamente aplicable en cada Estado membro e precisa unha norma de transposición ao ordenamento nacional.
- d) É un instrumento para orientar a acción dos Estados membros en materias nas que a Unión Europea non posúe competencias.

**28. ¿Ante qué institución poderán exercer os cidadáns da Unión Europea o dereito de petición sobre un asunto propio dos ámbitos de actuación da Comunidade que lles afecten directamente?**

- a) Ante o Tribunal de Xustiza
- b) Ante o Parlamento Europeo
- c) Ante a Comisión Europea
- d) Ante o Consello de Ministros

**29. ¿Cal das seguintes normas de dereito comunitario non ten eficacia vinculante?**

- a) Regulamento.
- b) Decisión.
- c) Directiva.
- d) Ditame.

**30. Si una solicitude foi estimada por silencio, a posterior resolución expresa:**

- a) Poderá ditarse sempre e en todo caso.
- b) Solo poderá ditarse de ser confirmatoria deste.
- c) Se adoptará pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.
- d) Ten os solos efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

**31. ¿Qué tipo de recurso cabe contra o acordo de ampliación de prazos do procedemento?**

- a) O recurso de potestativo de reposición.
- b) O recurso de alzada.
- c) O recurso extraordinario de revisión.
- d) Non cabe recurso.

**32. No procedemento administrativo, os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de:**

- a) Vinte días a partir do día seguinte á notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe outro prazo maior.
- b) Vinte días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe outro prazo distinto.
- c) Dez días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.
- d) Trinta días a partir do día seguinte á notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe outro prazo maior.



- 33. Segundo o artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, o prazo da información pública da expropiación forzosa será de:**
- a) 30 días.
  - b) 20 días.
  - c) 15 días.
  - d) 10 días.
- 34. Segundo o artigo 134.6 da Constitución española, toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos o diminución dos ingresos orzamentarios:**
- a) Requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación.
  - b) Requirirá sempre a previa conformidade do Ministerio de Facenda.
  - c) Requirirá sempre a previa conformidade da Comisión de Facenda do Congreso.
  - d) Requirirá sempre a previa conformidade das Cortes Xerais
- 35. O sistema normal de provisión de postos de traballo para funcionarios da Comunidade Autónoma Galega é:**
- a) A oposición
  - b) O concurso-oposición
  - c) A libre designación
  - d) O concurso
- 36. De acordo co artigo 6 da Lei de estradas de Galicia, a aprobación da incorporación á rede de titularidade autonómica dos camiños de servizo que sexan abertos ao uso público con carácter permanente, é competencia de:**
- a) O Consello da Xunta.
  - b) O Parlamento galego.
  - c) O conselleiro competente na materia.
  - d) Non se poden incorporar á rede autonómica.
- 37. O financiamento das actuacións na rede de estradas de Galicia non se pode facer mediante:**
- a) Recursos que proveñan de particulares.
  - b) Recursos que proveñan doutras administracións públicas.
  - c) Taxas.
  - d) Contribucións especiais.

**38. Coñécese como IMD de cara ao estudo do tráfico nas estradas:**

- a) Ao número total de vehículos que pasan durante un día por unha sección de aforo dividido por 24 horas.
- b) Ao número total de vehículos que pasan durante un ano por unha sección transversal da estrada dividido polo número de días do ano.
- c) Á intensidade máxima de tráfico no día que se realiza un aforo en vehículos/hora.
- d) Á intensidade máxima de tráfico no día que se realiza un aforo en vehículos/día.

**39. Para a distribución zonal das viaxes, adóitanse empregar:**

- a) O modelo de gravidade e o método de factores de crecemento.
- b) O modelo das categorías e o modelo de equilibrio de usuario.
- c) O modelo de equilibrio de usuario estocástico e o modelo de distribución compensada.
- d) O modelo logit e o modelo probit.

**40. Segundo o manual de capacidade americano (HCM 2000), o nivel de servizo en estradas convencionais de clase I, ven definido por:**

- a) A intensidade.
- b) A intensidade e a porcentaxe de tempo que se circula detrás doutro vehículo.
- c) A velocidade media.
- d) A velocidade media e a porcentaxe de tempo que se circula detrás doutro vehículo.

**41. Segundo a norma 3.1-IC, a altura libre mínima baixo un paso superior en estradas urbanas non será inferior a:**

- a) 5,50 metros.
- b) 5,00 metros.
- c) 5,30 metros.
- d) 4,75 metros.

**42. Segundo a norma 3.1-IC, a distancia entre o final dun carril de aceleración e o principio do de desaceleración consecutivo, será como mínimo de:**

- a) 250 metros.
- b) 500 metros.
- c) 1.000 metros.
- d) 1.200 metros.

- 43. Respecto aos túneles, a norma 3.1-IC considera que non poderá realizarse ningún tipo de conexión:**
- a) Aos 100 metros anteriores ou posteriores.
  - b) Aos 150 metros anteriores ou posteriores.
  - c) Aos 250 metros anteriores ou posteriores.
  - d) Aos 500 metros anteriores ou posteriores.
- 44. Respecto á coordinación entre elementos do trazado dunha estrada, segundo a norma 3.1-IC, é falso que:**
- a) Nunha estrada C-80 non é necesario utilizar curvas de transición para unha curva circular de radio 3.000 metros.
  - b) Nunha autoestrada cando se enlacen curvas circulares consecutivas cunha recta intermedia de 300 metros, o radio da curva de saída debe ser igual ou maior de 700 metros.
  - c) Nunha estrada C-80 cando se enlacen curvas circulares consecutivas cunha recta intermedia de 500 metros, o radio da curva circular de saída debe ser igual ou maior de 300 metros.
  - d) Nunha autoestrada non é necesario utilizar curvas de transición para unha curva circular de radio 5.000 metros.
- 45. Das seguintes técnicas de mellora do terreo, a máis eficaz para mellorar a resistencia e a permeabilidade dun chan brando a menos de 20 metros de profundidade é:**
- a) A precarga.
  - b) O claveteado.
  - c) As columnas de grava.
  - d) A vibroflotación.
- 46. A fronteira entre concas grandes e pequenas, para os efectos da aplicación da Instrución 5.2- IC, corresponde aproximadamente a un tempo de concentración de:**
- a) 24 horas.
  - b) 6 horas.
  - c) 12 horas.
  - d) 3 horas.

- 47. Para os efectos prácticos, considéranse firmes semiflexibles os que se constitúen por capas de mestura bituminosa sobre capas granulares non tratadas de espesor total igual ou superior a:**
- a) 10 cm.
  - b) 15 cm.
  - c) 18 cm.
  - d) 20 cm.
- 48. A aplicación dun ligante hidrocarbonado sobre unha capa granular, previa á colocación sobre esta dunha capa ou tratamento bituminoso é un:**
- a) Rego de imprimación.
  - b) Rego de curado.
  - c) Rego de selado.
  - d) Rego de adherencia.
- 49. Unha estrada ten 500 vehículos pesados ó día, unha explanada E1 na súa totalidade e non existen na súa proximidade canteiras con zahorras adecuadas. Así, para un proxecto de mellora do seu firme, das seguintes seccións de firme con mestura bituminosa debe empregarse a:**
- a) 212.
  - b) 122.
  - c) 221.
  - d) 112.
- 50. Dos seguintes sistemas, non é un sistema de seguimento e programación dunha obra o:**
- a) Diagrama temporal.
  - b) PERT.
  - c) Diagrama de barras.
  - d) GANTT.

- 51. No control de obras de cimentación de estradas, o ensaio tipo Lefranc, é un ensaio de:**
- a) Penetración.
  - b) Deformación.
  - c) Permeabilidade.
  - d) Resistencia.
- 52. Segundo a Norma 8.3-IC de sinalización de obras, cando se reduzan o número de carrís en autoestradas e autovías, establecéndose desvíos ou carrís provisionais, non deberá limitarse a velocidade a valores inferiores a:**
- a) 100 km/h.
  - b) 80 km/h.
  - c) 60 km/h.
  - d) 50 km/h.
- 53. Sinale a resposta correcta, no caso dunha estrada competencia da Xunta de Galicia, o índice de perigosidade IP, incrementase ao diminuír o:**
- a) Número de accidentes totais, a igualdade doutros factores.
  - b) Volume de tráfico anual, expresado en vehículos-km, a igualdade doutros factores.
  - c) Número de accidentes leves acontecidos durante os últimos 5 anos.
  - d) Ningunha das anteriores é correcta.
- 54. Un treito de concentración de accidentes, TCA, segundo o criterio da Dirección Xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia, é aquel no que se cumpre aló menos:**
- a) Treito de dez quilómetros no que se producen 10 ou mais accidentes con vítimas nos últimos 5 anos.
  - b) Treito dun quilometro no que se rexistra anualmente 3 ou máis accidentes con vítimas nos últimos 5 anos.
  - c) As dúas respostas anteriores son correctas.
  - d) Treito dun quilometro no que se producen 10 ou mais accidentes con vítimas nos últimos 5 anos .

**55. A orde circular do Ministerio de Fomento" sobre criterios de uso de sistemas para protección de motociclistas" é a:**

- a) 18/2004.
- b) 32/2005.
- c) 04/2007.
- d) 04/2008.

**56. A altura das barreiras metálicas de seguridade tipo BM\*\* nas estradas é:**

- a) 70 cm.+/-5 cm.
- b) 90 cm.+/-5 cm.
- c) 80 cm.+/-5 cm.
- d) 1/2 m.+/-5 cm.

**57. Sinale a resposta correcta. O sistema denominado SIX, Sistema de Información Xeográfico, é:**

- a) De coordenadas batimétricas y planimétricas.
- b) De bases de referencia.
- c) De coordenadas xeográficas.
- d) Ningua resposta é certa.

**58. O programa "TES+BUS" da Xunta de Galicia consiste na:**

- a) Promoción do transporte público nas áreas metropolitanas, con medidas como o billete único.
- b) Promoción do transporte público nas relacións de media distancia entre as cidades de Galicia, con medidas como o aumento das frecuencias dos autobuses que empregan a autoestrada.
- c) Potenciación do transbordo gratuito entre o ferrocarril e o autobús.
- d) Promoción do transporte público nas zonas de carácter rural, con medidas como a utilización dos servizos de transporte escolar público polos cidadáns das zonas nas que se implante.

**59. Do total de viaxeiros•km transportados no interior do estado, o transporte por estrada supón aproximadamente:**

- a) O 60%.
- b) O 70%.
- c) O 80%.
- d) O 90%.

**60. O sistema “Transtrailer” consiste en:**

- a) Descarga de contedores mediante grúas especializadas.
- b) Transporte de remolques ou semirremolques convencionais en plataformas ferroviarias planas.
- c) Transporte de semirremolques de estrada adaptados para a súa circulación sobre vías ferroviarias.
- d) Transporte combinado aéreo – marítimo.

**61. De acordo co regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, as estacións de transporte de mercadorías por estrada:**

- a) Deben ser de carácter privado.
- b) Deben ser de carácter público.
- c) Poden ser de carácter público ou privado.
- d) Non poden acoller oficinas para axencias de transporte.

**62. As condicións previas de carácter persoal para o exercicio da actividade de transporte público por estrada son:**

- a) Nacionalidade (española, dun estado da UE ou dun estado co que existan tratados, acordos ou convenios en virtude dos cales non sexa esixible ese requisito) ou autorización ou permiso de traballo suficiente, capacitación profesional, honorabilidade e capacidade económica.
- b) Nacionalidade (española, dun estado da UE ou dun estado co que existan tratados, acordos ou convenios en virtude dos cales non sexa esixible ese requisito) ou autorización ou permiso de traballo suficiente, capacitación profesional e honorabilidade.
- c) Capacitación profesional, honorabilidade, capacidade económica e cumprimento das obrigas fiscais, laborais e sociais.
- d) Capacitación profesional.

**63. Segundo a súa natureza, os transportes por estrada considéranse públicos:**

- a) Cando calquera persoa pode empregalos.
- b) Cando son titularidade da administración.
- c) Sempre que non se realicen para satisfacer as necesidades particulares.
- d) Cando se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica.

**64. O modo de xestión que se empregará, como regra xeral, para a prestación dos servizos públicos interurbanos de transporte por estrada de uso xeral, é:**

- a) A xestión directa.
- b) A concesión administrativa.
- c) O consorcio de transportes.
- d) A xestión interesada.

**65. Conforme ó artigo 50 do texto refundido da Lei de augas (Real Decreto Legislativo 1/2001), o uso das augas superficiais para beber e outros usos domésticos mentres discorren polos seus leitos ou canles naturais, é:**

- a) Un uso privado que non precisa autorización administrativa.
- b) Un uso común para o que se precisa autorización administrativa.
- c) Un uso privativo por disposición legal.
- d) Un uso común que non precisa autorización administrativa.

**66. ¿Cal dos seguintes usos da auga non é común especial conforme ó Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas?.**

- a) Navegación.
- b) Establecemento de barcas de paso e os seus embarcadoiros.
- c) Abeberar o gando.
- d) Flotación.

**67. Segundo establece o artigo 26 do texto refundido da Lei de augas (Real Decreto Legislativo 1/2001), o *Comité de Autoridades Competentes* é un órgano de:**

- a) Xestión en réxime de participación.
- b) Planificación.
- c) Cooperación.
- d) Goberno.



**68. Segundo o Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas sinala a resposta correcta:**

- a) É obrigatorio inscribir os contratos de cesión de augas no Rexistro da Propiedade.
- b) Os titulares dunha concesión para rega deberán, en calquera caso, ser titulares dos terreos aos que a auga vai destinada.
- c) Os titulares dunha concesión con destino a uso doméstico nunha vivenda, deberán ser titulares dos terreos na que se atopa.
- d) A transmisión total ou parcial dos aproveitamentos de auga que impliquen un servizo público ou a constitución de gravames sobre os mesmos, requirirá autorización administrativa previa.

**69. Con relación ó RD 907/2007, de 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica, sinala a resposta falsa:**

- a) O estado das masas de auga superficial quedará determinado polo peor valor do seu estado ecolóxico e do seu estado químico.
- b) O estado das masas de auga subterránea quedará determinado polo peor valor do seu estado ecolóxico e do seu estado químico.
- c) O estado ecolóxico das augas superficiais clasifícase como moi bo, bo, moderado, deficiente ou malo.
- d) O estado químico das augas superficiais clasifícase como bo ou como que non acada o bo estado.

**70. Segundo o Plano Hidrolóxico de Galicia - Costa as infraestruturas de defensa de zonas rurais non habitadas ou de protección de fincas rústicas, deseñaranse para que non se produzan asolagamentos coa chea de período de retorno:**

- a) 10 anos.
- b) 25 anos.
- c) 50 anos.
- d) 100 anos.

**71. Con relación ao Plano hidrolóxico das concas internas de Galicia e as súas posteriores revisións, as funcións que nas confederacións hidrográficas corresponden á Comisión de Planificación Hidrolóxica, serán levadas en Augas de Galicia por:**

- a) O Consello da Auga.
- b) A Sección Galicia - Costa.
- c) A Sección Concas Intracomunitarias
- d) A Sección Concas Intercomunitarias

- 72. O canon de saneamento creado pola Lei 8/1993, de 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, aplicarase:**
- a) Só no ámbito das concas intracomunitarias de Galicia.
  - b) No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - c) Só a calquera uso da auga nas concas intracomunitarias de Galicia.
  - d) A calquera uso da auga no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 73. Con relación ao Decreto 84/1997, de 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas Entidades Locais, na materia de abastecemento e saneamento de augas, sinale o tipo de obra que queda excluída da dita colaboración:**
- a) Obras de regulación de augas superficiais e presas.
  - b) Rede de distribución primaria ou de abastecemento.
  - c) Rede de sumidoiros.
  - d) Estacións de potabilización de augas.
- 74. O gráfico no que se representa a curva de precipitacións medias cada certo intervalo de tempo denomínase:**
- a) Pluviograma.
  - b) Histograma.
  - c) Limnigrama.
  - d) Hietograma.
- 75. O coeficiente de escorrenta:**
- a) Crece coa intensidade da precipitación.
  - b) Diminúe coa duración da precipitación.
  - c) Ten menor valor nas zonas urbanizadas.
  - d) Ten un valor constante durante todo o tempo de duración da precipitación.
- 76. Acerca das funcións desempeñadas polos xeotéxtiles en presas, sinale a resposta falsa.**
- a) Drenaxe de augas de filtración.
  - b) Reparación e reforzo dos paramentos de formigón.
  - c) Control da erosión contra os golpes de onda e desencoro.
  - d) Asento e protección da capa bituminosa deslizante.

**77. Con relación ó disposto no texto refundido da Lei de augas, sinale a resposta falsa:**

- a) O canon de control de vertidos será independente dos canons ou taxas que poidan establecer as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, para financiar as obras de saneamento e depuración.
- b) O prezo básico por m<sup>3</sup> do volume de vertido autorizado incrementarase nun valor non superior a 4 veces.
- c) As autorizacións de vertido corresponderán sempre á Administración hidráulica competente.
- d) O prazo máximo de vixencia das autorizacións de vertido será de 5 anos, renovables sucesivamente, sempre que cumpran as normas de calidade e obxectivos ambientais esixibles en cada momento.

**78. O funcionamento correcto das ventosas nas conduccións de abastecemento, supón:**

- a) Aumentar a velocidade de paso da auga.
- b) Permiten a saída de aire nos tubos e impedir a súa entrada.
- c) Posibilita a regulación dos caudais.
- d) Posibilita unha menor perda de presión nas zonas máis desfavorecidas dende o punto de vista do subministro de auga.

**79. Con relación aos procesos de depuración nun reactor biolóxico, é falso que:**

- a) A menor carga máscica maior rendemento na eliminación da DBO<sub>5</sub>.
- b) O tempo de permanencia dos lodos no reactor e maior no proceso de aireación prolongada que no convencional.
- c) A concentración de MLSS (sólidos en suspensión do licor mestura) no reactor, é menor no proceso de aireación prolongada que no convencional.
- d) A menor carga máscica maior idade dos lodos.

**80. O Plan de emerxencia dunha presa, apróboo:**

- a) O titular da mesma.
- b) A Administración hidráulica competente.
- c) O órgano competente na materia de protección civil.
- d) O Consello de Ministros ou o órgano equivalente da comunidade autónoma, correspondente polo ámbito territorial.

- 81. Segundo o RD 1620/2007 polo que se establece o réxime xurídico de reutilización de augas depuradas, ¿Para cal dos seguintes usos nos que se prohíbe a reutilización de augas, fórmulase unha situación de excepcionalidade?**
- a) Consumo humano.
  - b) Para uso en instalacións hospitalarias.
  - c) Para cultivo en moluscos filtradores na acuicultura.
  - d) Para uso recreativo como auga de baño.
- 82. De entre os procesos de potabilización, aquel polo que as moléculas de auga pasan a través dunha membrana semipermeable ao aplicar unha certa presión sobre a auga a tratar, denomínase:**
- a) Ósmose inversa.
  - b) Nanofiltración.
  - c) Ultrafiltración.
  - d) Todas as respostas son certas.
- 83. A relación entre a velocidade de fluxo,  $v$ , e a velocidade media da auga,  $v'$ , nun medio poroso están relacionadas a través da porosidade eficaz,  $m$ , a través da seguinte expresión:**
- a)  $v = \frac{m}{v'}$
  - b)  $v = \frac{v'}{m}$
  - c)  $v = m \cdot v'$
  - d)  $v = m^2 \cdot v'$
- 84. Aos efectos da Directiva 98/83/CEE, entenderase por augas destinadas ao consumo humano, aquelas augas para uso doméstico en xeral, e que se subministren:**
- a) No seu estado orixinal a través dunha rede de distribución.
  - b) Despois de tratamento a través dunha rede de distribución.
  - c) Envasadas en botellas no seu estado orixinal.
  - d) Todas as respostas anteriores son certas.

**85. ¿A que se refire o enfoque combinado previsto na Directiva Marco de Augas?:**

- a) Ao establecemento dun programa, tanto de medidas básicas como de medidas complementarias, para acadar os obxectivos ambientais que se fixan na Directiva.
- b) Á inclusión na planificación hidrolóxica das medidas que contribúan ó logro dos obxectivos ambientais, así como a contribución efectuada polos diversos usos da auga na recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga.
- c) Que os vertidos ás augas superficiais sexan controlados cos valores límites de emisión que correspondan, baseados nas mellores técnicas dispoñibles e nas mellores prácticas ambientais, e respectando os obxectivos de calidade do medio receptor.
- d) Todas as respostas son certas.

**86. Na planificación portuaria, a rendibilidade económica dun proxecto portuario na zona de influencia da obra:**

- a) Non ten en conta todos os beneficios comerciais e custos secundarios.
- b) Ten en conta todos os beneficios e custos incluídos os ambientais.
- c) Ten en conta unha parte dos beneficios directos e indirectos e os custos agás os ambientais.
- d) Non considera os beneficios ambientais por ser de difícil avaliación pero si os custos.

**87. O peso dos cantos dun dique rompeondas, coa mesma onda incidente e a mesma xeometría, debe ser:**

- a) Constante, sexa cal sexa o material empregado na súa fabricación.
- b) Maior canto máis denso sexa o material.
- c) Menor canto máis denso sexa o material.
- d) Independente da densidade.

**88. Sendo  $H_c$  a altura da onda de cálculo, Iribarren recomenda que a diferenza entre a cota de coroación dun dique irrebachable e o nivel da Preamar Máxima Viva Equinoccial (PMVE), sexa:**

- a)  $0,75 H_c$ .
- b)  $1 H_c$ .
- c)  $1,25 H_c$ .
- d)  $1,5 H_c$ .

- 89. O fenómeno de peraltamiento por fondo da ondada ou "shoaling", producido ao achegarse a ondada á costa, caracterízase:**
- a) Por producirse cambios nos períodos das ondas.
  - b) Por producirse cambios na altura de onda, e na súa lonxitude de onda.
  - c) Por producirse cambios no período e na altura de onda.
  - d) Ningunha resposta é correcta.
- 90. O movemento do buque libre ou amarrado, que consiste nun xiro arredor do eixo vertical principal do buque, chámase:**
- a) Alteada.
  - b) Balance.
  - c) Deriva.
  - d) Guiñada.
- 91. O "squat" é un fenómeno que ocorre nas canles de acceso ao porto e:**
- a) Fai que o buque navegue sobre a onda de acompañamento, sendo polo tanto axeitado para aforrar combustible.
  - b) Non ten nada que ver xa que se trata do cambio na orientación dunha onda ao paso do buque.
  - c) Resulta indiferente a súa acción xa que só produce axitación das augas.
  - d) Fai que o nivel da auga descenda uniformemente ao paso do buque, prexudicando a navegación en dimensións reducidas e estreitas.
- 92. A obra de atraque coñecida como "Duque de Alba":**
- a) Carece de elementos de amarre.
  - b) É unha obra totalmente rixida.
  - c) Debe ter sempre boiardos para amarre.
  - d) Carece de zona de servizo para carga e descarga de mercadorías.
- 93. Segundo o número de Iribarren para o estudo da rotura na costa da ondada incidente o número comprendido entre 0.5 e 3 é unha rotura de tipo:**
- a) Spilling.
  - b) Plunging.
  - c) Collapsing.
  - d) Surging.

**94. Respecto ao ente público Portos de Galicia, é certo que:**

- a) Ten personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- b) Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, pero non dispón de patrimonio propio.
- c) Non posúe personalidade xurídica nin plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, pero se posúe patrimonio propio.
- d) Ten personalidade xurídica e patrimonio propios pero non dispón de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

**95. Segundo a Lei 5/94 de creación do ente público Portos de Galicia, non é unha competencia do consello da Xunta de Galicia:**

- a) Aprobar os plans de obras e instalacións.
- b) Designar e destituír o presidente do ente público.
- c) Aprobar o proxecto de presuposto de explotación e capital do ente público.
- d) Outorgar as concesións por ocupación do dominio público adscrito á Comunidade Autónoma dentro do recinto portuario.

**96. Segundo a Lei 5/94 de creación do ente público Portos de Galicia, o órgano superior de dirección e xestión do ente público Portos de Galicia é:**

- a) O presidente do Consello de Administración.
- b) O Consello de Administración.
- c) O director do ente público.
- d) O conselleiro competente na materia de portos.

**97. Segundo o artigo 3 da Lei 22/88 de costas, dentro do concepto de ribeira de mar e das rías está:**

- a) O subsolo mariño.
- b) As illas que se formen en augas interiores.
- c) As albufeiras.
- d) Os illotes en augas interiores.

**98. Das seguintes accións ou actividades sobre o dominio público marítimo-terrestre, require unha concesión administrativa:**

- a) Os servizos de tempada nas praias.
- b) Os dragados.
- c) As extraccións de áridos.
- d) As obras ou instalacións non desmontables.

**99. Na elección do tipo de area para rexenerar unha praia, é recomendable:**

- a) Empregar areas de similar granulometría ou, se non fose posible, máis fina que a existente.
- b) Empregar areas cunha porcentaxe de finos, que pasan polo baruto ("tamiz") de 0,08 mm, de polo menos o 15%.
- c) Empregar areas de similar granulometría ou, se non fose posible, de granulometría lixeiramente máis grossa que a existente.
- d) Empregar areas de distinta composición petrográfica.

**100. Se, de forma simplificada, supoñemos a seguinte expresión para a perturbación da onda, sinale a resposta falsa:**

$$\xi = A \cos\left(\frac{2\pi}{L} x - ct\right)$$

- a) O período é  $T=L/c$ .
- b) A lonxitude de onda é  $L$ .
- c) A amplitude da onda é  $A$ .
- d) A frecuencia da onda é  $2\pi/L$ .

**101. Sinale a resposta que é correcta, no aspecto relativo a cesión dos contratos:**

- a) A cesión formalízase mediante escritura pública só se o cedente e o cesionario, o acordan conxuntamente.
- b) O órgano de contratación autorizará expresamente, con posterioridade, a cesión.
- c) No contrato de xestión dos servizos públicos, o cedente debera de ter realizada a explotación do servizo polo menos durante unha quinta parte do o prazo de duración do contrato.
- d) A Administración, excepcionalmente e por razóns de interese público, pode autorizar a cesión do contrato a persoas incursas en suspensión da clasificación.



**102. No relativo á revisión de prezos nos contratos, sinala a resposta correcta:**

- a) A revisión de prezos lévase a cabo mediante os índices ou fórmulas de carácter oficial que aproba a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.
- b) Aplicaranse as fórmulas tipo aprobadas polo Decreto 2167/1981 do 20 de agosto, á revisión de prezos en contratos con pagamento concertado por sistema de arrendamento financeiro.
- c) En ningún caso terá lugar a revisión de prezos nos contratos menores.
- d) A revisión de prezos terá lugar cando o contrato se executase no 10 % do seu importe e transcorresen vinte e catro meses hábiles dende a súa adxudicación.

**103. Os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) deberán aprobarse:**

- a) Previamente á autorización do gasto, ou conxuntamente con esta.
- b) Despois da autorización do gasto e sempre antes da adxudicación definitiva do contrato.
- c) Correspóndelle facer o dito acto de aprobación á Xunta Consultiva de Contratación.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**104. Nun contrato de obras é certo que:**

- a) O pago das certificacións de obra ao contratista supón a recepción das devanditas obras por parte da Administración.
- b) O procedemento para a valoración e o pago da obra executada, figura nos pregos de cláusulas administrativas ou técnicas para a contratación da obras.
- c) A revisión de prezos, se procede, tomará como base de cálculo a data de comezo das obras.
- d) A relación valorada farase sobre as medicións dos planos do proxecto.

**105. No caso dun procedemento aberto, non suxeito a regulación harmonizada, de importe 100.000 € e declarada urxente a súa tramitación. Se pertence o ámbito competencial de Galicia, os prazos para a licitación e adxudicación do contrato:**

- a) Redúcese a un terzo do prazo total.
- b) Redúcese á metade, agás do prazo relativo ao período de espera antes adxudicación definitiva que se reduce a 10 días hábiles.
- c) Redúcese todos á cuarta parte, ao tratarse dun procedemento específico e restrinxido ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Non se reducen en ningún caso, pois é necesario ter en conta o período de espera antes da adxudicación definitiva do contrato.

**106 Segundo a aplicación da Lei 30/2007, con relación á acreditación da solvencia técnica nos contratos de obras. ¿Que documentos non son necesarios?:**

- a) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa, en particular dos responsables das obras.
- b) A declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas dos que dispón a empresa para a execución das obras.
- c) A relación das obras executadas nos últimos quince anos avaladas por certificados de boa execución.
- d) A declaración sobre o cadro de traballadores medio anual da empresa durante os tres últimos anos acompañada da documentación xustificativa.

**107 Segundo as leis vixentes en materia de contratación no sector público, con relación a supervisión de proxectos nos contratos de obras, é certo que:**

- a) Non é necesario o informe da supervisión de proxectos, agás que o órgano de contratación o considere necesario.
- b) O informe de supervisión é facultativo cando que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade, nos que só se realizara, se o director das obras o solicita.
- c) O informe de supervisión é facultativo sempre, agás se vai acompañado da solicitude do servizo de proxectos; no caso de proxectos cun orzamento de contrata de  $\geq 250.000$  € terá carácter preceptivo.
- d) O informe de supervisión é preceptivo, cando a contía do contrato de obras é  $\geq 350.000$  € e se o órgano de contratación o solicita. Nos proxectos cun orzamento inferior terá carácter facultativo.

**108. Se analizamos a viabilidade económica dun proxecto de obras. O período de recuperación é:**

- a) O indicador que define o período temporal para deixar de investir no proxecto.
- b) O indicador do número de anos no cal o proxecto supera as expectativas de ganancias.
- c) O período de amortización do ben funxible.
- d) O indicador de rendibilidade económica que representa o número de períodos en que os beneficios acumulados permiten recuperar os custos soportados.

**109. Sinala a resposta falsa. Segundo a EHE-1998, artigo 89º, os ensaios de información complementaria do formigón poden ser:**

- a) A fabricación e rotura de probetas conservadas en condicións o máis parecidas posible ao formigón que se pretende ensaiar.
- b) O emprego de métodos de modelización analítica ou numérica.
- c) A rotura de probetas testemuña extraídas do formigón endurecido.
- d) O emprego de métodos non destrutivos fiables.

**110. Das seguintes opcións, relativas ao Documento de Idoneidade Técnica (DIT), sinala a resposta falsa:**

- a) O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja posúe a facultade de conceder o DIT.
- b) O DIT ten unha validez de varios anos e debe ser renovado.
- c) O DIT é un documento de carácter obrigatorio para poder empregar na obra civil materiais, sistemas ou procedementos construtivos non tradicionais ou innovadores.
- d) O DIT é un documento de absoluta garantía.

**111. Segundo o artigo 103.3 do PG-3, o programa de traballos:**

- a) Non incluírá necesariamente os períodos que a dirección de obra precisa para proceder aos replanteos de detalle e aos preceptivos ensaios de aceptación.
- b) Establecerá un período máximo de tres meses para ter en conta os períodos que a dirección de obra precisa para proceder aos replanteos de detalle e aos preceptivos ensaios de aceptación.
- c) Deberá ter en conta os períodos que a dirección de obra precisa para proceder aos replanteos de detalle e aos preceptivos ensaios de aceptación.
- d) Establecerá un período mínimo dun mes para ter en conta os períodos que a Dirección de obra precisa para proceder aos replanteos de detalle e aos preceptivos ensaios de aceptación.

- 112. A duración media  $D$  dunha actividade, segundo o método de programación Pert, calcúlase mediante a seguinte fórmula, na que  $a$  é a duración optimista,  $b$  a pesimista e  $m$  a máis probable:**
- a)  $D = (a + 4m + b)/6$
  - b)  $D = (a + m + b)/3$
  - c)  $D = (a + 2m + b)/4$
  - d)  $D = (a + 4m + b)/4$
- 113. Segundo a lexislación vixente na materia de seguridade e saúde nas obras, as varandas deberán presentar, entre outras, a seguinte característica:**
- a) Altura máxima de 110 cm.
  - b) Altura mínima de 110 cm.
  - c) Altura mínima de 90 cm.
  - d) Altura máxima de 90 cm.
- 114. A Lei 32/2006 reguladora da subcontratación no sector da construción dispón que o traballador autónomo:**
- a) Non poderá subcontratar os traballos a el encomendados nin a outras empresas subcontratistas nin a outros traballadores autónomos.
  - b) Poderá subcontratar os traballos a el encomendados a outras empresas subcontratistas, pero non a outros traballadores autónomos.
  - c) Poderá subcontratar os traballos a el encomendados a outras empresas subcontratistas ou a outros traballadores autónomos.
  - d) Non poderá subcontratar os traballos a el encomendados a outras empresas subcontratistas, pero si a outros traballadores autónomos.
- 115. Segundo o artigo 30 do RD 604/2006, a primeira auditoría do sistema de prevención da empresa deberá levarse a cabo:**
- a) Antes do momento no que se dispoña da planificación da actividade preventiva.
  - b) Dentro dos trinta días seguintes ao momento no que se dispoña da planificación da actividade preventiva.
  - c) Inmediatamente despois do momento no que se dispoña da planificación da actividade preventiva.
  - d) Dentro dos doce meses seguintes ao momento no que se dispoña da planificación da actividade preventiva.

**116. Sinale a resposta axeitada. Entendese por impacto crítico, aquel que:**

- a) A súa magnitude de impacto é suave, podendo admitir unha recuperación.
- b) A súa magnitude do impacto é regular, pero recuperable.
- c) É o impacto que sendo moderado, as veces é irrecuperable.
- d) Ocasiona perda permanente da calidade, sen posible recuperación.

**117. Razoe. No caso de proxectos do Anexo II incluídos na Lei 6/2001 de avaliación de impacto ambiental. ¿Cales son os criterios de selección para que sexa necesario levar a cabo o trámite de avaliación do impacto ambiental?:**

- a) Condicionantes económicos e de situación do proxecto.
- b) Características dos proxectos, situación destes e características do potencial impacto.
- c) Características da situación dos proxectos.
- d) Características dos proxectos, situación destes e condicións económicas.

**118. Dos seguintes proxectos, ¿cal estaría excluído do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, segundo o Decreto 442/1990?:**

- a) As primeiras repoboacións cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas.
- b) As presas cunha altura menor de 15 m. e cunha capacidade de encoro de 50.000 m<sup>3</sup>.
- c) Os portos comerciais, vías navegables e portos de navegación que permitan o acceso de barcos de desprazamentos superiores a 1.350 toneladas.
- d) As construcións de autoestradas, autovías, e liñas de ferrocarril de longo percorrido.

**119. O Programa de Vixilancia Ambiental:**

- a) Dítase polo órgano ambiental na DIA (declaración de impacto ambiental).
- b) Inclúese no EsIA (estudo de impacto ambiental).
- c) Realízoo o promotor unha vez adxudicado o proxecto, previo á súa execución e coas directrices do órgano ambiental.
- d) Inclúese con posterioridade a DIA, tras a súa aprobación polo órgano substantivo e o ambiental, como anexo independente ao proxecto.

**120. O método da matriz de Leopold é válido cando se utiliza para:**

- a) A análise de fotogramas para fotografía aérea.
- b) A análise e avaliacións de impactos ambientais.
- c) A estimación de danos en presas de materiais soltos.
- d) É un ensaio e análise no caso do transporte combinado.

#### **RESERVA**

**121. Segundo a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ¿cómo se contabilizan os prazos que se sinalen por días ?**

- a) Sempre se contarán como días naturais.
- b) Sempre se contarán como días hábiles.
- c) Sempre que non se exprese outra cousa debe entenderse que os días son hábiles.
- d) Sempre que non se estableza outra cousa debe entenderse que os días son naturais.

**122. Segundo a Lei 30/2007, nun contrato de obras e en relación a devolución e cancelación das garantías, sinala a resposta correcta:**

- a) No suposto de recepción parcial das obras o contratista poderá solicitar a devolución e cancelación da parte proporcional da garantía, e aínda que non estea autorizado expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, neste caso procederase a súa cancelación.
- b) O acordo de devolución deberá adoptarse e notificárselle ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía, e transcorrido este, Administración deberalle aboar ao contratista a cantidade que lle deba incrementada co xuro legal do diñeiro correspondente.
- c) No caso da cesión do contrato, sen mais trámite nin outra condición se procede á súa devolución dun xeito inmediato tras o acordo de devolución ou de cancelación.
- d) Ao rematar a actuación, durante a cea-fin de obra, e se o director da obra o considera conveniente tendo en conta ou seu criterio profesional.

**123. Con respecto á técnica de reciclado de firmes, é falso que:**

- a) Nas estradas coa categoría de tráfico pesado T00, non se poden empregar, en ningún caso, materiais reciclados.
- b) Non se poden empregar, en ningún caso, mesturas bituminosas recicladas en central, para estradas coa categoría de tráfico pesado T0.
- c) Para estradas coa categoría de tráfico pesado T2, poden empregarse todas as técnicas de reciclado.
- d) Deben empregarse técnicas de reciclado, nas actuacións cuxa superficie de rehabilitación sexa superior a 70.000 m<sup>2</sup>.